

"Que todos saiban que hoxe a gaita galega non chora, que canta"

Redacción | @prazapublica

Lecturas colectivas, ofrendas florais, videos e unha Alborada interpretada por medio cento de grupos de gaiteiros homenaxearon a Rosalía conmemorando o nacemento da poeta. Os actos de homenaxe comezaran o venres coa [lectura de poemas de *Cantares Gallegos* en ducias de centros de ensino de todo o país](#) e continuaron o sábado con lecturas colectivas en todas as cidades e vilas. Pero os actos centrais das homenaxes desta fin de semana estaban reservados para este domingo 24, *Día de Rosalía* e aniversario do nacemento da poeta.

A Fundación Rosalía de Castro celebrou hoxe en Santiago e en Padrón senllos actos institucionais. Ás 10 da mañá o seu presidente Anxo Angueira, o presidente da RAG, Xosé Luís Méndez Ferrín, e o alcalde de Santiago, Ángel Currás, fixeron unha ofrenda floral no monumento a Rosalía na Praza de Vigo, preto de onde naceu a escritora. Ás 12 horas tivo lugar na Casa-Museo o acto nacional do *Día de Rosalía*, ao que asistiron múltiples autoridades, encabezadas por Jesús Vázquez, conselleiro de Cultura, e os alcaldes de Vigo, Santiago, Padrón e Ames. Anxo Angueira, presidente da Fundación, aproveitou o acto para presentar o proxecto do 150 aniversario de *Cantares Gallegos*. En decembro a Fundación espera reinaugurar a Casa de Rosalía.

De igual xeito, no Panteón de Galegos Ilustres, a **AELG** celebrou un *acto nacional* onde se leron poemas de *Cantares gallegos*, ademais de realizarse unha ofrenda floral. Cesáreo Sánchez Iglesias, presidente da AELG, e Xina Vega, leron o manifesto, e Marilar Aleixandre, Marta Dacosta, Alicia Fernández, Pilar García Negro, Inma López Silva, Teresa Moure, Mercedes Queixas e Helena Villar Janeiro leron poemas.

O outro gran evento da xornada foi [a interpretación colectiva da Alborada de Rosalía](#) a cargo de **case setenta grupos de gaiteiros e gaiteriras en toda Galicia e tamén en Cork, Madrid, París ou Bos Aires**. O seu seguimento en redes sociais

tamén foi masivo, utilizando o hashtag #AlboradaRosalía. O manifesto da Asociación de Gaiteros Galegos, a Fundación Rosalía de Castro, a Real Academia Galega e a Universidade de Vigo péchase dicindo que "puxo o maior coidado en reproducir o espírito do noso pobo, velaí o mesmo espírito que aniña nos punteiros todos das gaitas. Somos atrevidos, queremos mil, cen mil gaiteros máis para Galicia, e guiados por aqueles Cantares queremos tocar unha alborada de gloria. Que todos saiban que hoxe a gaita galega non chora, que canta".

COA TÚA [ACHEGA](#) FAS POSIBLE QUE SIGAMOS PUBLICANDO NOVAS COMA ESTA.